

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 24 DE AGOSTO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e catro de agosto de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona Lúa Sanguñedo Álvarez.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 17 de agosto de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 17 de agosto de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e dona María Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Escrito rexistrado de entrada ao núm. 999/4270 o día 13 de agosto de 2021, presentado por don Juan María Abalo Castex, concelleiro do grupo municipal do PP, no que comunica a súa ausencia do municipio do día 14 de agosto ao día 5 de setembro de 2021, ambos incluídos.

- Resolución do 9 de agosto de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se resolven as subvención previstas na Resolución do 2 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento SI435B). (Diario Oficial de Galicia número 158, do 18 de agosto de 2021). Consta unha subvención ao Concello de Cambre por importe de 15.000,00 euros para a medida "Concilia Cambre".

- Orde do 19 de agosto de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se prorroga e se modifica o anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que

precisan de autorización xudicial para a súa eficacia. (Diario Oficial de Galicia número 160-Bis, do 20 de agosto de 2021).

- Orde do 20 de agosto de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se prorroga e se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se mantén a suspensión da esixencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista nela e na Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e se substitúe por unha regulación transitoria e provisional. (Diario Oficial de Galicia número 160-Bis, do 20 de agosto de 2021). O Concello de Cambre pasa ao nivel de restrición media.

- Orde do 10 de agosto de 2021, da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se modifica o artigo 36 da Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR353A). (Diario Oficial de Galicia número 161, do 23 de agosto de 2021).

3º. Expedientes de contratación

Único. Prórroga do contrato administrativo suscrito coa empresa “Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.” (INSTELEC), para a prestación do servizo de conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, iluminación ornamental de festas e Navidad e outros. Expediente 2017/C004/000004

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 18 de agosto de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que no expediente nº 2017/C004/000004, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día dezaseis de outubro de dous mil dezaioito, adoptou, entre outros, o acordo no que se adjudica á entidade “Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC)” o “Servizo consistente na conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, iluminación ornamental de festas e Nadal e outros”, asinándose o correspondente contrato o día 20 de novembro de 2018.

Visto que, consonte a cláusula III do citado contrato, este ten un prazo previsto de execución de dous anos, contados desde o día seguinte á sinatura en documento administrativo, podendo ser obxecto de prórrogas anuais ata dous anos máis, previo acordo do órgano de contratación adoptado a petición do contratista con catro meses de antelación á finalización do contrato principal ou da súa prórroga, tal e como consta na cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, e epígrafe 4 do anexo I do cadro de características do contrato.

Visto o escrito presentado por don Juan Andrés López Fouz, en representación da entidade “Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC)” con data do 21 de xuño de 2021 e rexistro de entrada número 202199900003372, no que se solicita a segunda prórroga do contrato.

Visto o informe favorable emitido con data 05 de agosto de 2021 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, no que consta que o adxudicatario estivo realizando o servizo a satisfacción do Concello, polo que non existe ningún impedimento para que este contrato sexa prorrogado por un ano máis.

Ao abeiro do establecido na cláusula III do contrato, na cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 4 do anexo I do antedito prego, e de conformidade co

establecido no artigo 303.1 do RD Lexislativo 3/2011 que aproba o texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, aplicable ao presente expediente de conformidade co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público (pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014),

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Prorrogar por un ano máis, ata o 21 de novembro de 2022, e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito coa entidade “Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC)”, con CIF B150**** e domicilio na rúa Ermita nº 34 Pol. A Grela - 15008 A Coruña, para a prestación do “Servizo consistente na conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, iluminación ornamental de festas e Nadal e outros” (Expediente 2017/C004/000004).

Segundo: Notificar o presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar aos departamentos municipais de Servizos e Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 12 ao día 19 de agosto, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1419/2021	12-08-2021	Concesión axuda recibo de auga a M.E.G. por importe de 112,17 euros



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1420/2021	12-08-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 17 de agosto de 2021
1421/2021	12-08-2021	Contratación do servizo de elaboración da memoria técnica do evento OSC 2021 con nomeamento de dirección de execución para a aprobación da montaxe temporal das instalacións da feira Open Science Cambre 2021
1422/2021	12-08-2021	Licenza de primeira ocupación para a vivenda sita en Estrada Espiritu Santo, nº 21 - Cecebre promovida por M.E.G.M.
1423/2021	12-08-2021	Reiteración de solicitude de consolidación de grao persoal como funcionario
1424/2021	13-08-2021	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas do día 19 de agosto de 2021
1425/2021	13-08-2021	Declaración de desistencia a licenza de construción de vivenda unifamiliar vinculada a explotación agraria na parroquia de Brexo
1426/2021	13-08-2021	Adxudicación contrato menor para colocación de canles e baixantes en CEIP Emilio González López (Brexo - Lema)
1427/2021	13-08-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 16.690,35 euros
1428/2021	13-08-2021	Resolución devolución ingresos indebidos por avaría
1429/2021	13-08-2021	Rectificación de erro material no decreto de concesión de axuda de emerxencia social alimentación a J.M.S.S.
1430/2021	13-08-2021	CM artístico Xoana 15/08/2021
1431/2021	13-08-2021	Resolución recurso reposición proceso selectivo praza bibliotecario/a arquivero/a
1432/2021	13-08-2021	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de xullo e o seu pagamento.
1433/2021	13-08-2021	Resolución de desestimacións de alegacións e aprobación da listaxe definitivas do concurso para a selección dun coordinador deportivo interino e elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de coordinadores deportivos interinos.
1434/2021	17-08-2021	Resolución recurso reposición proceso selectivo praza bibliotecario/a arquivero/a
1435/2021	17-08-2021	Concesión das subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2020.- Cultura e Deportes
1436/2021	17-08-2021	Reposición da legalidade urbanística pola execución de obras sen comunicación previa en Castrobó- Anceis, pola execución dun novo volume na fachada da fronte da vivenda. Propiedade: C.D.V. e M.N.J.
1437/2021	17-08-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 66.623,31 €
1438/2021	17-08-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 25.024,40 euros
1439/2021	17-08-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 14.207,95 euros
1440/2021	17-08-2021	Reposición da legalidade urbanística por actos consistentes en recheo de terras en Quintán, Cecebre. Propietario: J.L.F.C.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1441/2021	18-08-2021	Reposición da legalidade urbanística por obras de reforma interior de vivenda sita na Estrada da Estación, Cambre. Titulares: F.S.C. e E.S.P.
1442/2021	18-08-2021	Multas tráfico - 99500000023373 Acordos de inicio
1443/2021	18-08-2021	Multas tráfico - 99500000023372 Acordos de inicio non identificación condutor
1444/2021	18-08-2021	Declaración de caducidade expedientes 07/13/06 e 15/10/06 a F.I.,S.L.
1445/2021	18-08-2021	Denegación axuda de emerxencia social alimentación a R.M.A.M., por saldo medio de aforro superior ao establecido na ordenanza reguladora
1446/2021	19-08-2021	Nomeamento de docente BAE coas TICs para o Plan Municipal de Formación: "Cambre Dixital-Emprego".
1447/2021	19-08-2021	Denegación axuda recibos de gas a M.J.B.B. por non cumprir os compromisos do proxecto de intervención social
1448/2021	19-08-2021	Desistencia tarxeta estacionamento M.L.I.
1449/2021	19-08-2021	Denegación axuda recibo de luz a N.C.S. por ter obtido outra axuda de igual ou similares características
1451/2021	19-08-2021	Ampliación do prazo de xustificación das subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2020-Educación
1454/2021	19-08-2021	Reclamación de responsabilidade patrimonial por danos ocasionados en vehículo, segundo indica, debido ao mal estado do firme en O Canal, Cambre, o día 01-09-2019

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de adxudicación do contrato para a "Adquisición dun etilómetro evidencial para a Policía Local", á empresa Dräger Safety Hispania S.A., no prezo ofertado de 5.179,95 euros sen IVE (6.267,74 euros IVE incluído). Expediente: 2021/C002/000076
- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á obra de "Intervencións na rede de pluviais para a reparación de afundimentos en Seoane, San Paio e Fontenla, Cambre", á empresa Construcciones Ponciano Nieto, S.L. no prezo ofertado de 10.281,00 euros sen IVE (12.440,01 euros IVE incluído). Expediente: 2021/C002/000089
- Proposta de adxudicación da implantación dun servizo de atención temperá no Concello de Cambre, a prol da licitadora M^a del Carmen Mayán Conesa, no prezo total ofertado de 17.746,45 euros sen IVE (21.473,21 euros IVE incluído). Expediente: 2021/C004/000005

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de adxudicación do contrato para a "Adquisición dun etilómetro evidencial para a Policía Local", á empresa Dräger Safety Hispania S.A., no prezo ofertado de 5.179,95 euros sen IVE (6.267,74 euros IVE incluído). Expediente: 2021/C002/000076

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 23 de agosto de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 21/06/2021 asínase polo oficial, xefe en funcións da policía local, don José Francisco Rodríguez Rey o documento denominado “Memoria valorada” para a “Adquisición dun etilómetro evidencial para a Policía Local”, cun orzamento base de licitación de 6.400,00 € (sen IVE), 7.744,00 € (IVE incluído).

Con data 21/06/2021 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo oficial, xefe en funcións da policía local, a concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, e pola Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se motiva a necesidade da “Adquisición dun etilómetro evidencial para a Policía Local”, debido a que na actualidade a Policía Local de Cambre dispón dun só etilómetro de precisión da marca Dräger modelo MK-III Alcotest 7110-E. Este equipo ten máis de 20 anos de antigüidade e recentemente o fabricante comunicou que con data 31/12/2021 dará por concluído o servizo de reparación, xa que finalizará a fabricación de repostos para o mesmo, razón pola cal non poden asegurar a reparación en caso de avaría.

Polo exposto, considérase necesaria a adquisición dun novo etilómetro de precisión que substitúa o antigo, e así dotar á Policía Local de Cambre dos medios adecuados para desenvolver as súas funcións. O novo equipo deberá ter unhas características técnicas similares ao que xa posúe esta Policía.

Tendo en conta que o concello non dispón dos medios necesarios, considérase necesaria a contratación dunha empresa externa para a realización desta subministración.

Con data 23/06/2021 emítese documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 132.62300, (Maquinaria policía local) sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 27/07/2021 emítese informe asinado polo oficial, xefe en funcións, da policía local, don José Antonio Amigo García, no que consta que:

Primeiro: No expediente foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- SEPY MEDICAL, S.L.
- DRÄGER SAFETY HISPANIA S.A.
- TECNOLOGIA DEL TRAFICO, S.L.

Segundo: Presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
SEPY MEDICAL, S.L.	6.390,00	7.731,90
DRÄGER SAFETY HISPANIA S.A.	5.179,95	6.267,74

Terceiro: Tendo en conta que o criterio de selección da oferta máis vantaxosa é o prezo **PROPOÑO:**

Adxudicar o contrato menor correspondente á subministración dun etilómetro evidencial para a Policía Local, á empresa DRÄGER SAFETY HISPANIA S.A., con NIF A83140012, domicilio en Xaudaró 5; Madrid, no prezo ofertado de 5.179,95 € sen IVE, 6.267,74 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental de data 20 de agosto de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 314/2021 emitido polo interventor da Corporación con data do 23 de agosto de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, contempladas no artigo 25.2. d) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a memoria valorada elaborada con data 21/06/2021 e asinada polo oficial, xefe en funcións da policía local, don José Francisco Rodríguez Rey para a “Adquisición dun etilómetro evidencial para a Policía Local”, cun orzamento base de licitación de 6.400,00 € (sen IVE), 7.744,00 € (IVE incluído).

Segundo: Aprobar o documento denominado “Informe técnico de necesidade” correspondente á “Adquisición dun etilómetro evidencial para a Policía Local” elaborado polo oficial, xefe en funcións da policía local e asinado polo oficial, xefe en funcións da policía local, a concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, e pola Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos no que queda motivada a necesidade do contrato e que non se esta alterando o obxecto co fin de evitar a aplicación da umbral descrita no artigo 118.1 da LCSP respecto aos contratos menores.

Terceiro: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 132 62300, (Maquinaria policía local).

Cuarto: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000076, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Quinto: Adjudicar o contrato menor correspondente á “Subministración dun etilómetro evidencial para a Policía Local”, á empresa DRÄGER SAFETY HISPANIA S.A., con NIF A83140012, domicilio en Xaudaró 5; Madrid, no prezo ofertado de 5.179,95 € sen IVE, 6.267,74 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Sexto: De conformidade co establecido no artigo 118.3 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sétimo: Désígnase como responsable do contrato ao oficial da policía local, don José Francisco Rodríguez Rey, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Oitavo: Notifíquese ao responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Noveno: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á obra de "Intervencións na rede de pluviais para a reparación de afundimentos en Seoane, San Paio e Fontenla, Cambre", á empresa Construcciones Ponciano Nieto, S.L. no prezo ofertado de 10.281,00 euros sen IVE (12.440,01 euros IVE incluído). Expediente: 2021/C002/000089

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 23 de agosto de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 02/07/2021 asínase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal o documento denominado "Memoria Valorada" correspondente á obra "Intervencións na rede de pluviais para a reparación de afundimentos en Seoane, San Paio e Fontenla, Cambre", con un importe base de licitación de 10.290,00 € sen IVE, 12.450,90 € IVE incluído.

Con data 02/07/2021 asínase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado "Informe técnico de necesidade", elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, correspondente á obra "Intervencións na rede de pluviais para a reparación de afundimentos en Seoane, San Paio e Fontenla, Cambre", no que se motiva a necesidade da obra xustificando a necesidade urxente e inaprazable de acometer ditas obras indicando que "*como consecuencia das choivas caídas nos últimos meses detectáronse varios afundimentos de calzada nos camiños municipais en Fontenla 064, Seoane 287 e Brexo 269.*

Ao tratarse de intervencións importantes, a brigada de obras municipal non pode asumir estes traballos polo que se redacta o presente informe para a súa contratación.

Estes afundimentos están sinalizados na actualidade pero supoñen un importante risco para a circulación polo que urxe a súa intervención e reparación canto antes, podéndose agravar por choivas que están a caer nestes días, o que pode facer que aumenten as superficies a intervir ou acontecer accidentes indeseados.

En concreto, en dous dos camiños existe un desnivel importante entre a estrada e as parcelas lindeiras o que pode facer que se produzan deslizamentos de terra, con consecuencia de importantes riscos materiais e persoais”.

Con data 01/07/2021 emítase documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente nas aplicacións orzamentarias 160.21000 (Mantemento Infraestructuras saneamento).

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 08/07/2021 emítase informe pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal no que consta:

Primeiro: que foron invitadas as seguintes empresas:

- | | |
|------------------------------------|-----------|
| - Excavaciones Ovidio, S.L | B15356090 |
| - Construcciones Leonardo Miguélez | B15289614 |
| - Construcciones Ponciano Nieto | B15293145 |

Segundo: Presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
EXCAVACIONES OVIDIO, S.L.	10.290,00 €	12.450,90 €
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L.	10.286,00 €	12.446,06 €
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	10.281,00 €	12.440,01 €

Terceiro: Tendo en conta que o criterio de selección da oferta máis vantaxosa é o prezo, **PROPOÑO:**

Adxudicar o contrato menor correspondente á obra de “Intervencións na rede de pluviais para a reparación de afundimentos en Seoane, San Paio e Fontenla. Cambre”, á empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L., con NIF B15293145, domicilio en calle Agra dos cregos, 28 baixo, 15850-Zas, no prezo ofertado de 10.281,00€ sen IVE, 12.440,01 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera

empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental de data 18 de agosto de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 315/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 23 de agosto de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de infraestrutura viaria, conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado d) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o documento denominado “Memoria Valorada” correspondente á obra “Intervencións na rede de pluviais para a reparación de afundimentos en Seoane, San Paio e Fontenla, Cambre” elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, cun orzamento base de licitación de 10.290,00 € sen IVE, 12.450,90 € IVE incluído.

Segundo: Aprobar o documento denominado “Informe técnico de necesidade” correspondente á obra “Intervencións na rede de pluviais para a reparación de afundimentos en Seoane, San Paio e Fontenla, Cambre” elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal asinado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos no que queda motivada a necesidade do contrato e que non se esta alterando o obxecto co fin de evitar a aplicación da umbral descrita no artigo 118.1 da LCSP respecto aos contratos menores.

Terceiro: Aprobar o gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias 160.21000 (Mantemento Infraestructuras saneamento).

Cuarto: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000089, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Quinto: Adxudicar o contrato para a obra “Intervencións na rede de pluviais para a reparación de afundimentos en Seoane, San Paio e Fontenla, Cambre”, á empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L., con NIF B15293145, domicilio en calle Agra dos cregos, 28 baixo, 15850-Zas, no prezo ofertado de 10.281,00€ sen IVE, 12.440,01 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Sexto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sétimo: Designar como responsable do contrato, a enxeñeira técnica de obras públicas municipal a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Oitavo: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Noveno: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de adjudicación da implantación dun servizo de atención temperá no Concello de Cambre, a prol da licitadora M^a del Carmen Mayán Conesa, no prezo total ofertado de 17.746,45 euros sen IVE (21.473,21 euros IVE incluído). Expediente: 2021/C004/000005

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 24 de agosto de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 20 de xullo de 2021, aprobou a incoación do expediente de contratación núm. 2021/C004/000005 para a adjudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adjudicación de apreciación automática, da implantación dun servizo de atención temperá no Concello de Cambre, cun orzamento base de licitación de 22.622,71 euros sen IVE, 27.373,48 euros IVE incluído.

Vista a valoración das ofertas presentadas, consonte cos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa e proximidade das instalacións onde se desenvolverá o servizo ao termo municipal de Cambre), que consta na Acta, de data 5 de agosto de 2021, do órgano de asistencia designado neste expediente, así como a proposta de adjudicación efectuada na mesma sesión a prol da licitadora M^a del Carmen Mayán Conesa, no prezo total ofertado de 17.746,45 euros sen IVE, 21.473,21 euros IVE incluído, por ser a única licitadora admitida na presente licitación, e cumprir con todos os requisitos establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, polo que obtén a máxima puntuación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do citado prego, sen incurrir en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que a licitadora proposta como adjudicataria presentou toda a documentación contemplada na cláusula 17 do PCAP, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, na que queda acreditada a súa solvencia económica e financeira, a solvencia técnica, así como a suficiencia dos medios persoais e materiais requiridos para a execución do contrato, e que tamén

constan no expediente o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia e o informe da Tesourería Municipal, acreditativo de que a empresa non ten obrigas pendentes de pagamento co Concello de Cambre.

Visto o informe emitido conxuntamente pola secretaria accidental e polo interventor municipal, de data 23 de agosto de 2021 que contén a proposta de acordo a adoptar.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, en uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade coa proposta formulada con data 5 de agosto de 2021 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, declarar válida a licitación, admitindo nela a oferta presentada pola licitadora **M^a del Carmen Mayán Conesa**, por ter presentado o sobre o arquivo electrónico C, Subtitulado "*Documentación administrativa, oferta económica e referencias valorables automaticamente*", coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 14.1 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, tendo achegado a declaración responsable e a proposición conforme cos modelos establecidos nos Anexos II e III do PCAP.

Segundo: Tendo en conta a cláusula 13.2 do prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente contrato, en consonancia co Anexo II do referido prego no seu apartado nº 10 (o cal constitúe lei reguladora do contrato que os licitadores declaran coñecer e aceptar), así como o establecido no art. 159.4 da LCSP, que esixe a inscrición dos licitadores que participen no presente procedemento nos rexistros estatal ou autonómico na data final de presentación de ofertas, obrigación legal respecto da que non cabe decisión ningunha aos órganos de contratación e que todos os licitadores que presentan propostas a partir do 9 de setembro de 2018 deben cumprir, segundo pronunciamento de, entre outras, a Xunta Consultiva da Comunidade de Aragón no seu informe nº 20/2018 do 3 de setembro, acórdase excluír a oferta presentada pola entidade "ASPERGA (Asociación Galega de Asperger)", ao non atoparse esta entidade, á data final de presentación de ofertas (3 de agosto de 2021) rexistrada en ningún dos rexistros contemplados no art. 159.4 da LCSP, sendo obrigatoria a inscrición a efectos de participar en procedementos abertos simplificados a partir do 9 de setembro de 2018 e atopándose a dita obrigación expresamente contemplada na cláusula 13.2 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente contrato.

Terceiro: Aprobar, de acordo coa proposta do órgano de asistencia de data 5 de agosto de 2021, a seguinte valoración da única oferta admitida, así como os cálculos para determinación das ofertas que se presumen anormalmente baixas, que queda establecido en 16.967,03 euros sen IVE, sen que a oferta admitida se atope no dito suposto:

LICITADOR/A	PREZO OFERTADO Á BAIXA	PROXIMIDADE DAS INSTALACIÓNS	PUNTUACIÓN
M ^a del Carmen Mayán Conesa	17.746,45 € sen IVE 75 PUNTOS	Situada en Cambre 25 puntos	100

Cuarto: De conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente, con data do 5 de agosto de 2021, adxudicar o expediente núm. 2021/C004/000005 para implantación dun servizo de atención temperá no Concello de Cambre a prol da licitadora M^a del Carmen Mayán Conesa, no prezo total ofertado de 21.473,21 euros IVE incluído (17.746,45 euros sen IVE), e con local para o desenvolvemento do servizo situado dentro do termo municipal de Cambre, por ser a única licitadora admitida na presente licitación, e cumprir con todos os requisitos establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, polo que obtén a máxima puntuación dos criterios de valoración “prezo ofertado á baixa” e “proximidade das instalacións onde se desenvolverá o servizo ao termo municipal de Cambre” que constan na cláusula 12 do PCAP, sen incorrer en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido nas cláusulas 17.2 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6 g) LCSP, por atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado, entenderase formalizado o contrato mediante a sinatura da aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adxudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

Unha vez adxudicado o contrato, tres días antes do inicio da execución do servizo, o adxudicatario deberá remitir ao Departamento de Contratación, a través da sede electrónica do Concello de Cambre, a documentación contemplada na cláusula 17.1.11 do Prego de cláusulas administrativas Particulares referida ao persoal destinado á execución do contrato, que será obxecto de comprobación e informe polo responsable do contrato.

Sexto: Nomear como responsable do contrato ao coordinador da área de Cultura, Deportes e Xuventude municipal de conformidade co establecido na cláusula 19 do PCAP e máis no artigo 62.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de contratos do sector público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Oitavo: Notifíquese ao responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.»



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López